

Un lisco de historia

De vello, nos primeiros días de Febreiro, a cultura tradicional celebraba as datas da luz, da purificación e do amor. Era, e é, tradicional ir á igrexa e facer a procesión no seu interior coas candelorias (velas prendidas). Candeas que alí haberían de ser bendecidas para acabar levándoas á casa, onde se prenderían de novo os días de treboada, para asegurarse a súa protección; ao tempo que se encomendaba a Santa Bárbara, dicindo: “*Santa Bárbara bendita/ polo ceo vas escrita/ Leva un caldeiro na mao/ botando auga bendita*”. Este cirio, ou candeloria, tamén se adoitaba poñelo nas maos das persoas esmorrentes, ou ao seu pé, para asegurarlles en tal trance a protección da lús. Ao chegar o día da Candeloria, 2 de febreiro, decíamos: “*Cando a Candeloria chora -debe entenderse chove- medio inverno vai fora*” e sempre se lles retrousaba: “*Chore que deixe de chorar medio inverno ten que pasar*”. Na cultura tradicional estas eran as datas do amor na vida natural e creíase que nesta hora casaban os paxariños (tamén se dicía do día de San Xosé, 19 de Marzo). “*Pola Candeloria, casan os paxariños e marcha a galiñola*” dise aínda hoxe polas terras de Ourense; sendo lembradas as misas de Santo Domingo de Bonaval, na que e o cura casaba oficialmente a unha parella de pombas (pomba e pombo, naturalmente, que os tempos eran outros).

En Cedeira a Candeloria era unha festa con especial implantación e costume na parroquia de Régoa, que sempre a tivo, e aínda a ten, coma unha das súas datas senlleiras: non de balde a Virxe da Candeloria, e non a do Carme, é a patroa da parroquia. Era tradicional nese día o cocido, e as sobremesas de fereixós e torradas, escomenzando o tempo das *apegotas* que duraría ata os días de antroido. Eran estas *apegotas* bromas mintireiras, algunhas especialmente molestas, que se autorizaban durante este tempo e ninguén se podía enfadar por sere vítima dunha *apegota*.

Era, e é, o tempo do San Brais, San Blas, avogoso da gorxa e das súas doenzas propias, de moita soa e devoción no sur de Ourense e norte de Portugal. Típicos son os doces propios de San Brais, e mesmamente, cando nos atosigueirabamos ou atragantábamos, dábannos un pao no lombo e decíannos: “¡San Blas!”

Tamén os cativos tiñan para estes días un fermoso e sinxelo enredo de seu: **as luminarias**. Eran éstas uns tanques de folladelata, (esfuracados e medio cheos de brasas do borrallo), que ían atados a unha piola máis ou menos longa. Ao facer xirar no aire os tanques con certa velocidade, as brasas collen forza e alustran vivamente, ao tempo que o aire ao pasar polos furados, funga cun son agradable e entretido. Velaí un dos sinxelos e fermosos xoguetes que, cando nenos, a cultura tradicional poñía nas nosas maos: un tanque, unhas brasas, unha piola e un pasado verdadeiro: o mellor galano para a imaxinación creativa.

Sen dúbida nesta tradición, coma en tantas outras do noso país, fúndense retallos de mundos culturais diversos: as crenzas do antigo mundo castrexo, (non sería difícil atopar similitudes e concordancias coa Imbolc céltica), as ideas do mundo galego-román (que parecen deixar o rastro das Lupercalis), e o mundo cristián, que absorbeu e sincretizou as ideas antigas: por exemplo a deusa céltica Brixit pasou a se chamar Santa Bríxida, ficando aínda no maxín popular a asimilación do nome *brixidas* a de mulleres dotadas de poderes máxicos.

*Rafael LópezLoureiro
Febreiro do 2009*

